

PREMIO FONSECA DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA

O Consorcio de Santiago e a Universidade de Santiago de Compostela, conscientes da importancia da transferencia do coñecemento e da necesaria culturización científica da sociedade, acordaron en 2006 crear o programa *ConCiencia* para invitar ás principais mentes do panorama internacional a transmitir-las súas ideas a unha cidade símbolo da cultura e o coñecemento.

Ao abeiro do programa *ConCiencia* nace o *Premio Fonseca* de divulgación científica, coa fin de incentivar a transmisión deste saber ao gran público. Nese labor cómpre recoñecer o papel dos medios de comunicación que, ademais de seren o principal instrumento desta transmisión, esixen unha eficaz adecuación aos mesmos dos contidos a transmitir.

BASES

1. O Premio *Fonseca* de divulgación científica é convocado conxuntamente polo Consorcio de Santiago e a Universidade de Santiago e Compostela, no marco do programa *ConCiencia*.
2. O Premio *Fonseca* de divulgación científica, que terá carácter internacional, leva o nome dun dos fundadores da Universidade de Santiago de Compostela, persoeiro de capital importancia na conformación de Santiago de Compostela como lugar de gran riqueza intelectual e científica e como foro de creatividade. Pretende recoñecer como un importante valor o interese e a capacidade de amosar á sociedade a necesidade e a beleza do coñecemento de xeito sinxelo e atractivo.
3. Poderán ser candidatas aquelas persoas acredoras dunha destacada traxectoria no eido da divulgación científica dirixida ao público en xeral mediante unha utilización eficaz das posibilidades que ofrecen os medios de comunicación e/ou mediante o desenvolvemento de métodos ou medios de divulgación científica innovadores.
Tamén poderán ser obxecto de recoñecemento aquelas persoas que a través da súa actividade supoñan un referente público que estimule o interese xeral polo coñecemento e/ou o desenvolvemento tecnolóxico nalgún ámbito do saber.
4. O premio constará dun diploma acreditativo, unha reprodución en bronce de Alonso III de Fonseca, deseñada polo escultor D. Ramón Conde, e dunha dotación económica de 6000 €¹.

¹ A esta cantidade agregaráselle a retención fiscal que corresponda de acordo co art. 92 do R.D. 214/1999 do 5 de febreiro (BOE 9/02/99).

5. Serán membros do xurado:
 - ✍ O Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, que actuará como Presidente.
 - ✍ O Sr. Xerente do Consorcio de Santiago
 - ✍ O Coordinador do programa ConCiencia, que actuará como Secretario
 - ✍ O Director de programas do Consorcio de Santiago
 - ✍ Catro persoas relacionadas co eido da divulgación científica por proposta da USC e o Consorcio de Santiago
6. Os/as candidatos/as deberán ser propostos/as por grupos de persoas ou institucións de recoñecido prestixio, que achegarán memoria explicativa da súa proposta, incidindo naqueles aspectos da traxectoria persoal e profesional dos/as candidatos/as relacionados co obxecto do premio.
7. Os integrantes do xurado terán capacidade de presentar aqueles/as candidaturas que, baixo o seu criterio, reúnan os méritos para seren acredores do premio.
8. O xurado poderá reclamar aos propoñentes a presentación de toda aquela documentación que estimar oportuna para a avaliación dos méritos do candidato.
9. O xurado valorará aqueles aspectos persoais e profesionais dos/as candidatos/as que teñan unha relación máis directa co obxectivo do premio, tendo presente que non se trata de recoñecer traxectorias científicas excepcionais senón contribucións excepcionais á divulgación científica e/ou ao estímulo de vocacións e ao desexo de saber en xeral ou en ámbitos concretos do coñecemento e do desenvolvemento científico.
10. A presentación de candidaturas, acompañadas da documentación pertinente en sobre pechado, farase nos rexistros dos campus universitarios de Santiago ou de Lugo,

antes das 14:00 horas do 15 de abril de 2009, dirixíndose ao presidente do Xurado o Sr. Reitor Magfco. da Universidade de Santiago de Compostela e facendo constar claramente no sobre: PROGRAMA ConCiencia - CANDIDATURA AO PREMIO FONSECA DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA.

11. O premio, que poderá ser declarado deserto, e cuxa decisión será inapelable, será resolto en Santiago de Compostela e feito público antes do remate do mes de maio de 2009.
12. A entrega do galardón realizarase nun acto público no que o gañador ou gañadora do Premio se compromete a impartir unha conferencia de divulgación nun ámbito da Ciencia propio da súa actividade ou interese.
13. A participación nesta convocatoria suporá a aceptación das presentes bases.

GAÑADORES EDICIÓNS ANTERIORES

Stephen W. Hawking (2008)